

25 DE NOVIEMBRE

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE GÉNERO.

A Bibliotrega, xunto co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o de Igualdade e Convivencia, convocan, para conmemorar o Día internacional contra a violencia de xénero, un concurso de ilustración.

As bases do concurso serán as seguintes:

1. O concurso está dirixido a todos os alumnos e alumnas do IES A Sangriña, e estará dividido en dúas categorías:

A. Alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO.

B. Alumnado de 4º da ESO, Bacharelato, ESA e Ciclos Formativos.

2. Cada alumno ou alumna pode presentar unha ilustración orixinal, en tamaño A4, que inclúa un lema en galego, propio ou dalgunha muller ou home coñecidos polo seu activismo a prol da igualdade de mulleres e homes (débase citar ao autor/a da cita, poema, fragmento...). As ilustracións vencedoras serán convertidas en adhesivos, que se repartirán entre a comunidade educativa.

3. O prazo para a presentación de traballos será do 12 ao 21 de novembro. Deberán entregarse ás profesora Beatriz Núñez, María Carneiro ou Gisela González, indicando no dorso da ilustración nome e curso do autor/a.

4. Premios: o gañador ou gañadora de cada unha das categorías recibirá un vale agasallo por valor de 50€ que poderá canxear nunha librería de A Guarda ou nunha tenda de deportes.

5. Entrega de premios: luns 26 de novembro de 2018 ás 12:00 na Bibliotrega.